



Luns, 10 de febreiro do 2014

Inicio

Institucional

Investigación

Actividades Académicas

Cultura

Alumnado

Deportes

Publicacións

Opinión

Axenda

Quiosco

Hemeroteca

Campus de Ourense

Campus de Pontevedra

Campus de Vigo

RSS

Duvi (2001-2007)





Grazas a 'Breaking the rules' e 'Ecoloxía e evolución de polimorfismos florais'

O éxito dos vídeos de Divulgare chega a Hollywood


Acadaron o Premio do Xurado ao Mellor vídeo de animación e o Premio honorífico do xurado

 Me gusta 8

 Tweet 0

 Share

 Delicious



D. Besadío | Vigo

"Estamos super-orgullosos". Así de satisfeito se amosaba este luns o profesor Luis Navarro tras coñecer que dous dos vídeos de Divulgare, *Breaking the Rules* e *Ecoloxía e evolución de polimorfismos florais* obtiveron "dous novos laureis" nada máis e nada menos ca no Hollywood Shorts Reel 14, un certame internacional no que competían con vídeos de cineastas profesionais e no que, pese a todo, se fixeron co Premio do Xurado ao Mellor vídeo de animación (*Breaking the rules*) e o Premio honorífico do xurado (*Ecoloxía e evolución de polimorfismos florais*).

Coa consecución destes dous novos galardóns Divulgare eleva a súa carteira de galardóns e alcanza xa a nada desprezable cifra de 14 galardóns internacionais. Recoñecidos agora en Hollywood, ambos vídeos foran xa recoñecidos noutros certames. No caso de *Breaking the rules* gañou hai apenas uns meses un festival de

cine de animación na India e o vídeo sobre os polimorfismos acadara tamén xa a Mención de Honra no Festival de Ciencia en Acción. "Son exemplos de como moitos dos nosos vídeos foron xa galardoados en diferentes festivais internacionais de cine e esta é tamén unha maneira de darlle visibilidade ao traballo que se fai na Universidade que está resultando dunha eficacia tremenda", recalcou o propio Navarro, principal impulsor dunha iniciativa que xurdiu en xaneiro de 2009 como un experimento co que pretendían analizar a viabilidade de achegar a ciencia que se fai nos laboratorios á sociedade e que, tras cinco anos na rede, teñen a satisfacción de ver como os seus vídeos se baixaron máis de 500.000 veces e a súa páxina se visitou desde 142 países.

Moitas respostas en apenas uns minutos

Breaking the rules é o resultado de moitos meses de "apaixonado" traballo e nel o espectador pode descubrir que na natureza tamén hai quen infrinxe as normas e que isto non sempre significa que sexa "malo", xa que nalgúns ocasións os 'pecadores' tamén cumpren unha función vital para outros organismos. Son apenas uns minutos nos que se fala de plantas e animais, de interaccións...

Na peza *Ecoloxía e evolución de polimorfismos florais*, Divulgare afonda no coñecemento do polimorfismo floral coñecido co nome de heterostilia, "un fascinante mecanismo reprodutivo que contribuíu a que Darwin formulara posteriormente a súa teoría da selección natural", explicou Navarro. Son pouco máis de sete minutos nos que os investigadores vigueses tratan de responder a preguntas como para que serve, como se orixina ou como se pode estudar, xa que as vantaxes deste sistema de reprodución, así como a súa orixe son temas de controversia científica. No vídeo tamén se presentan as achegas que ten feito neste tópic o Grupo de Ecoloxía e Evolución da Universidade de Vigo.

Máis de 20 científicos e artistas gráficos implicados no proxecto

Detrás do éxito de Divulgare está o traballo conxunto de máis de 20 científicos "que se implicaron no proxecto de forma totalmente desinteresada", pero tamén de varios artistas gráficos; de actores-dobladores que poñen voz aos vídeos e dos técnicos de son. "O traballo de todos é o auténtico motor do proxecto", subliña Navarro. Desde o principio tiveron claro que o seu 'nicho de traballo' era Internet, un escenario no que se senten cómodos, e optaron polo formato de vídeos curtos conscientes de que moi poucos internautas dedican máis de cinco minutos a un mesmo tema.

Mexillóns cebra, lagartos, morcegos, flores ... e, na actualidade, loita contra a contaminación mariña. A temática dos traballos de Divulgare é moi variada.

[Seq. >](#)

[\[Atrás \]](#)